

## "BIBLIOTECA DE PEDAGOXÍA": COLECCIÓN DE TEXTOS PEDAGÓXICOS EN GALEGO

Dirección da colección Antón Costa Rico

Kalandraka

REVISTA GALEGA  
DE EDUCACIÓN  
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 94-95

Tiñamos unha débeda coa Editorial Kalandraka que acaba de empezar unha colección de textos de autores coñecidos en Pedagogía e que non tiveramos a posibilidade de lalos ata agora en galego. Dirixe esta colección, que a editorial denomina "Biblioteca de Pedagogía", o profesor Antón Costa Rico, quen selecciona textos senlleiros de autores internacionais que influíron e influén na pedagogía e sobre todo na práctica das persoas educadoras.



Digo que tiñamos unha débeda, por non ter falado dela ata agora e ser dunha relevancia máxi-

ma para unha revista coma a nosa, que pretende traballar por unha educación mellor para Galicia e en galego, e esperamos que este breve e primeiro apuntamento sirva para salientar o seu valor no camiño de dispor, ao alcance do lectorado, de textos pedagóxicos de grande interese.

As obras constan sempre dun texto traducido desde a súa lingua orixinal por persoas de recoñecida sensibilidade e competencia para coa educación e para co galego, e un limiar ou un epílogo dunha persoa espe-

cialmente coñecedora da obra en cuestión.

Empeza a colección nos seus dous primeiros números cunha persoa moi coñecida e admirada en Galicia: Francesco Tonucci. Dous libros cun impacto especial. A primeira das obras, un ensaio teórico con múltiples referencias de experiencias, é *A cidade dos nenos*, con tradución de Mónica Baleirón, Sonia Santos e Rut Vázquez, e limiar do propio director da colección, Antón Costa. Acompañando o texto non poden faltar as ilustracións do propio autor. O segundo número da colección é





*Cando os nenos din basta!*, que tamén ten o texto e ilustracións de Tonucci: nesta ocasión o autor utiliza 26 frases dos propios nenos para facer as reflexións de cada un dos capítulos do libro. Na tradución repiten Mónica Baleirón e Rut Vázquez; o limiar nesta ocasión é do propio Tonucci e de Romano Prodi, que foi un valioso apoio á iniciativa da cidade dos nenos.

*Educación para un mundo novo* é o terceiro título da colección da tamén pedagoga italiana María Montessori, que tanta influencia tivo e ten na renovación da educación, e en poñer o alumno como protagonista da mesma. Escrito rematada a II Guerra Mundial, nun momento que suscitou tamén a Declaración Internacional dos Dereitos Humanos. A tradución é de Carlos Acevedo e o epílogo do profesor da USC, Lois Ferradás Blanco.

O cuarto título, *A imaxinación e a expresión artística na infancia*, é un escrito do psicólogo ruso Vigotski, que tamén exerceu e exerce unha influencia fundamental no pensamento pedagóxico e na práctica educativa,

confiando moi especialmente na creatividade da infancia e na interacción dela co medio como condición para o seu desenvolvemento psicolóxico e social. Está traducida, desde o orixinal ruso, por Elena Sherevera e Lorenzo Maroño, e o epílogo é do tamén profesor da USC Juan Carlos Pardo Pérez.

O número cinco da colección é a *Carta a un profesor mozo*, de Philippe Meirieu, que é un referente fundamental no pensamento e debate pedagóxico actual en Francia. A tradución é de Henrique Harguindey e conta cunhas palabras introdutorias para a edición galega do propio autor. Un texto con reflexivas consideracións para quen exercen a profesión docente e que fala, en particular, para as mozas e mozos que nela se inician.

O número seis, e último ata o momento, é tamén dun autor francófono, imprescindible para entender a educación do século XX: o psicólogo da educación suízo Jean Piaget. Co título de *A psicoloxía infantil e a nova educación* presenta dous ensaios deste autor "Bases psicolóxicas dos novos métodos pedagóxi-

cos" (1935) e "O dereito á educación no mundo actual" (1948). A tradución volve ser de Henrique Harguindey e está brevemente introducido polo director da colección, Antón Costa. Nesta ocasión hai tamén un epílogo, elaborado polo catedrático de Psicoloxía Evolutiva da Universidade de Barcelona Eduardo Martí, que foi colaborador do propio Piaget; no Epílogo faise unha análise crítica das achegas e da vixencia das elaboracións realizadas ao longo de varias décadas por parte de Piaget mediante un texto que ten unha alta carga didáctica.

Desexamos éxito e continuidade a esta iniciativa fermosa e moi coidada, pero sobre todo tan na liña da nosa revista de procurar a reflexión en galego sobre a educación e a súa renovación. ■

Xosé Ramos Rodríguez

jose.ramos.rodriguez@edu.xunta.es

Nova Escola Galega